



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Matemáticas: Matemáticas

Materia	Matemáticas: Matemáticas			
Código	V03G020V01104			
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descriidores	Creditos ECTS 9	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Matemáticas			
Coordinador/a	Mirás Calvo, Miguel Ángel Alonso Álvarez, José Nicanor			
Profesorado	Alonso Álvarez, José Nicanor Estévez Toranzo, Margarita Mirás Calvo, Miguel Ángel Quinteiro Sandomingo, María del Carmen Sanmartín Carbón, Esperanza Vázquez Pampín, Carmen			
Correo-e	jnalonso@uvigo.es mmiras@uvigo.es			
Web				
Descripción xeral	Familiarizar ao alumno coas ferramentas matemáticas básicas para a Economía			

## Competencias

### Código

B1	Capacidade de análise e síntese		
B5	Habilidades de comunicación oral e escrita		
B6	Habilidades de comunicación a través de Internet e, dominio de ferramentas multimedia para a comunicación a distancia		
B14	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado		
C7	Posuír e comprender coñecementos sobre as principais técnicas instrumentais aplicadas ao ámbito empresarial		
C12	Solucionar de maneira eficaz problemas e tomar decisións utilizando métodos cuantitativos e cualitativos apropiados, incluíndo entre eles a identificación, formulación e solución dos problemas empresariais		

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
<input type="checkbox"/> Comprender as técnicas matemáticas básicas, necesarias para a modelización do comportamento económico.	B1 B6	C7 C12
<input type="checkbox"/> Avaliar, utilizando técnicas matemáticas, as consecuencias das distintas alternativas de acción e seleccionar as más idóneas.	B1 B5 B6 B14	C7 C12
<input type="checkbox"/> Ser capaz de formular modelos simples de relación das variables económicas baseados no manexo da álgebra lineal e do cálculo diferencial.	B1 B5 B6 B14	C7 C12
<input type="checkbox"/> Ter habilidades para argumentar de modo rigoroso, coherente e intelixible, tanto na expresión oral como na escrita.	B1 B5 B6	C7 C12

## Contidos

### Tema

1. Preliminares.	Símbolos matemáticos. Funcións reais de variable real. Funcións elementais. Cálculos matemáticos básicos.
2. Funcións reais de variable real.	Límites de funcións reais de variable real. Continuidade de funcións reais de variable real. Teoremas relativos á continuidade global. Derivada dunha función nun punto. Regra de l'Hôpital. Teoremas de Rolle e do valor medio. Derivadas de orde superior e extremos relativos. Concavidade e convexidade.
3. Integración.	Áreas baixo curvas. Teorema fundamental do cálculo integral. Primitivas.
4. Cálculo matricial.	Matrices. Determinante dunha matriz cadrada. Sistemas de ecuacións lineais. Autovalores dunha matriz cadrada. Formas cadráticas.
5. Derivadas de función de varias variables.	Introdución. Vectores. Derivadas parciais. Funcións diferenciables. A regra da cadea. Derivadas de orde superior. Funcións homoxéneas. Teorema de Euler.
6. Optimización.	Funcións cóncavas e convexas. Optimización sen restricións. Optimización con restricións de igualdade.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	20	50	70
Seminario	8	8	16
Resolución de problemas de forma autónoma	8	20	28
Lección maxistral	37	37	74
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	12	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	20	22

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descripción
Resolución de problemas	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Seminario	Entrevistas que o estudiantado mantién co profesorado para o asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa disciplina. O alumnado debe desenvolver de forma autónoma a análise e a resolución dos problemas e/ou exercicios.
Lección maxistral	Exposición, por parte do profesorado, dos contidos sobre a disciplina obxecto de estudio, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que ten que desenvolver o estudiantado.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Seminario	Resolución de problemas en grupo. Consulta de dúbidas.

## Avaluación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa disciplina. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral. COMPUTABLE EN AVALIACIÓN CONTINUA .	Xunto co resto dos elementos da avaliación continua ata un 50	B14

Seminario	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado para o asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. COMPUTABLE EN AVALIACIÓN CONTINUA	Xunto co resto dos elementos da avaliación continua ata un 50	B14	C7 C12
Lección maxistral	Exposición, por parte do profesorado, dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que ten que desenvolver o estudiantado. COMPUTABLE EN AVALIACIÓN CONTINUA	Xunto co resto dos elementos da avaliación continua ata un 50	B1	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exames con preguntas breves sobre a materia. COMPUTABLE EN AVALIACIÓN CONTINUA	Xunto co resto dos elementos da avaliación continua ata un 50	B1	B14
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba final. Esta proba forma parte da avaliación continua, e proporcionará a cualificación para aqueles alumnos que opten pola modalidade de avaliación global.	Variable, en función de se o alumno opta pola avaliación continua ou non.	B1	C7 C12

### Outros comentarios sobre a Avaliación

As datas dos exames da materia poderán ser consultadas na páxina web da Facultade <http://fccee.uvigo.es> A nota final do curso virá dada pola seguinte fórmula:  $NF = A + (10 - A)E / 10$  sendo A a nota da avaliación continua (máximo de 5 puntos) e E a nota do exame final (máximo de 10 puntos). O mesmo sistema de avaliación será seguido no caso da convocatoria de fin de carreira. En caso de non superar a materia na primeira convocatoria, a nota obtida polo traballo ao longo do curso manterase para a segunda convocatoria. Os puntos da avaliación continua obteranse por: a asistencia a clase e a participación nela. As probas curtas realizadas nas clases prácticas ao longo do curso. Os exercicios e/ou traballos propostos previamente e realizados fóra das horas de clase.

A fórmula empregada permite ao estudiantado ser avaliado como máis lle conveña, pois entre a cualificación obtida por avaliación continua e a obtida por avaliación global outorga ao estudiante as mellor entre as dúas posibilidades, non sendo preciso acadar unha puntuación mínima en ningún apartado para poder superar a materia.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Balbás, A., **Análisis matemático para la economía I. Cálculo diferencial**, AC, 1991

Sydsaeter, K. e outros., **Matemáticas para el análisis económico**, Pearson, 2012

#### Bibliografía Complementaria

Balbás, A. e otros, **Análisis matemático para la economía II. Cálculo integral y sistemas dinámicos**, AC, 1991

Besada, M. e otros., **Cálculo de varias variables: Cuestiones y ejercicios resueltos**, Prentice-Hall, 2001

### Recomendacións

### Outros comentarios

Esta materia no PCEO Grao en Administración y Dirección de Empresas-Grao en Dereito impártese no 1º cuatrimestre do 1º curso e o docente responsable é Francisco Javier García Cutrín

### Plan de Continxencias

#### Descripción

==== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

#### 1. ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS

##### 1.1.- Metodoloxías docentes que se manteñen

Mantéñense as metodoloxías docentes indicadas na guía , que se impartirán usando o campus remoto e as plataformas de teledocencia da Universidade de Vigo

##### 1.2.- Metodoloxías docentes que se modifican

Non se modifica metodoloxía ningunha.

1.3.- Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

As titorías levarán a cabo a través do campus remoto nos despachos virtuais do profesorado cando o alumnado o solicite.

1.4.- Modificacións (se procede) dos contidos para impartir

Non procede.

1.5.- Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe

Será fornecida se fose necesario.

1.6.- Outras modificacións

Non hai modificacións

## 2. ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN

2.1.- Probas xa realizadas

Proba XX: [Peso anterior 00 %] [Peso Proposto 00 %]

Manteranse as porcentaxes de avaliación propostas tanto se realizaron probas como non.

2.2.- Probas pendentes que se manteñen

Proba XX: [Peso anterior 00 %] [Peso Proposto 00 %]

As probas e traballo en prácticas que queden pendentes manteranse tal e como se indica na guía docente.

2.3.- Probas que se modifican

[Proba anterior] => [Proba nova]

Non se modificará proba ningunha.

2.4.- Novas probas

Non procede.

## 3.- INFORMACIÓN ADICIONAL

Tal e como está exposta a materia pode adaptarse sen problemas na situación de docencia mixta e non presencial

---